



Reclamante: [REDACTED]  
Expediente. Nº **RSCTG 073/2017**

**ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo disposición adicional quinta da lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno**

En resposta á reclamación presentada por [REDACTED] en nome e representación da súa nai [REDACTED] mediante escrito do 7 de xullo de 2017, a Comisión da Transparencia, considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, adopta a seguinte resolución:

**ANTECEDENTES**

**Primeiro.** por [REDACTED] en nome e representación da súa nai [REDACTED] presentou, mediante escrito con entrada no rexistro do Valedor do Pobo o día 14 de xullo de 2017, unha reclamación ao amparo do disposto na disposición adicional quinta da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, por entender desatendida unha solicitude de acceso á información por parte do Concello da Coruña.

O interesado indicaba que existía unha omisión a 6 peticións solicitando informe ou certificación do órgano competente sobre a demolición total do inmovible que describe como *“vivienda unifamiliar xa demolida sita no nº 29 do Camiño do Pinar no citado concello”*, expediente tramitado pola área de rexeneración urbana e dereito á vivenda. Textualmente pide : *“informe o certificación del organo competente sobre la demolicion total del inmueble para poder modificar el catastro para. Reconcerlo como solar,, solicitar la modificacion del ibi, y la devolución del deposito de 600 euros de EMALCSA”*

O escrito viña acompañado dun escrito de 5 de xullo de 2017 dirixido ao Concello no que se indicaba que reiteraba por sexta vez informe ou certificación do órgano competente sobre a

demolición total do inmovible para poder modificar o catastro para recoñecelo como solar, solicitar a modificación do IBI e a devolución do depósito de 600 euros de EMALCSA o DNI do representante da reclamante e unha nova de prensa de 26 de abril de 2017 titulada “Le okuparon la casa cinco veces, se la incendiaron y tuvo que pagar el derribo”.

**Segundo.** Con data 17 de xullo de 2017 o Consejo da Transparencia y Buen Gobierno da traslado dunha reclamación idéntica dirixida por [REDACTED] a ese órgano.

**Terceiro.** Con data 19 de xullo de 2017 déuselle traslado da documentación achegada polo interesado ao Concello da Coruña para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

A recepción da solicitude pola administración foi o 24 de xullo de 2017.

**Cuarto.** Con data 2 de agosto de 2017 o concello informa por correo electrónico das dificultades para remitir o expediente e o informe, e finalmente achega o 10 de agosto de 2017 un informe e o índice do expediente elaborado que é un expediente de 942 páxinas.

O informe de 10 páxinas, en resumo, indicou que:

O inmovible nº 29 do Camiño do Pinar da lugar a un expediente de oficio de declaración de ruina. Durante a súa tramitación [REDACTED] optou por solicitar licenza de demolición de vivenda concedida o 9 de xaneiro de 2015.

O 15 de abril de 2015 a Policía Local informa sobre a execución da obra do inmovible.

O 28 de abril de 2015 realízase unha inspección exterior do arquitecto municipal que comproba a demolición, “manteniéndose únicamente pequena parte de los muros de cierre en planta baja y algún escombros acumulados en el solar resultante”

O 29 de outubro de 2015 emítese novo informe do arquitecto municipal “apreciándose que se ha dejado sin demoler partes desiguales de la fachada principal y de cierre lateral izquierdo, encontrándose pintados exteriormente, así como la medianera vista con el inmueble colindante N° 30 de la misma vía. Se mantiene parte de puerta de madera existente en lo que era el acceso inmueble e interiormente se aprecia la existencia de algún desperdicio y la acumulación de vegetación en la parte posterior de la parcela que se encontraba libre de edificación”.

A primeira ocasión na que [REDACTED] solicita o informe ou certificación do órgano competente sobre a demolición total do inmovible é o 6 de maio de 2016.

O 12 de maio de 2016 solicítase novo informe ao arquitecto que o emite o 18 de maio de 2016 e indica que a situación é a mesma do informe de 29 de outubro de 2015. Recordando que “Se tendrá que estar a lo establecido en los artículos 2.2.6 y 6.8.1 del vigente PGOM en lo que le sea de aplicación, recordando que la parcela resultado de la demolición se encuentra en suelo urbano no consolidado dentro del ámbito del Polígono POL M22. Parque del Agra, situada en suelo afecto a Sistema Local de Espacios Libres de carácter público”

“O 23/06/2016 o director de Rexeneración Urbana e Vivenda ditou un decreto no cal resolveu, ademais de declarar a inadmisión de dous recursos de reposición presentados e de reiterar as ordes contidas no acordo de concesión da licenza de demolición respecto á adecuación da parcela resultante desta, o seguinte (apartado 1 do decreto):

1.- Dar nuevamente traslado a [REDACTED], en su condición de representante de [REDACTED], de los informes del arquitecto municipal [REDACTED] de fechas 10/10/2008, 29/06/2009, 30/01/2012, 26/12/2012, 04/04/2013; de la arquitecta técnica [REDACTED] de 29/05/2012; y del inspector [REDACTED] de 21/12/2007 y 13/02/2009, emitidos en relación al inmueble sito en calle Camino del Pinar, número 29, de A Coruña (informes de todos los cuales ya se remitió copia a aquel por oficio de 23/06/2015, notificado el 06/07/2015), en contestación a la solicitud de aquel presentada el 04/07/2015 y reiterada el 11/07/2015, el 16/05/2016 y el 13/06/2016; así como de los informes del citado arquitecto de fechas 29/10/2015 y 18/05/2016, en contestación a la solicitud de aquel presentada el 06/05/2016 y reiterada el 12/05/2016 y el 08/06/2016.

Este decreto foi notificado, xuntando coa propia notificación as copias dos informes técnicos citados, e segundo consta nos correspondentes xustificantes de recepción de Correos:

- a [REDACTED], o 07/07/2016

- a [REDACTED], o 07/07/2016”

O sr. [REDACTED] segue facendo a mesma solicitude a pesar da declaración de inadmisión, fainas os días 6 de maio de 2016, 12 de maio de 2016 8 de xuño de 2016, 6 de xullo de 2016 , 11 de outubro de 2016 e 5 de xullo de 2017.

A partir do 3 de agosto de 2016 comparece no procedemento [REDACTED], copropietario, que pide ser notificado e solicita unha prórroga do prazo conferido para executar os traballos pendentes (adecuación da parcela resultante da demolición).

O 6 de outubro de 2016 o arquitecto [REDACTED] achega tres fotografías da parcela e indica que se verifica a adecuación pertinente ao PGOM.

O 10 de outubro de 2016 polo arquitecto [REDACTED] infórmase *“da adopción das medidas ordenadas no Decreto de 23.6.2016, en relación a limpeza da parcela resultante da demolición do inmovible N° 29 da rúa Camino del Pinar e xustificación urbanística do peche que se mantén, acompañado de fotografías da situación existente na referida parcela, considerando que tendo en conta o achegado e situación urbanística na que se atopa a parcela resultante da demolición executada, pódese dar por cumprido o ordenado na disposición terceira do referido Decreto de data 23.6.2016.”*

O 7 de xullo de 2017 novamente o Sr. [REDACTED] fai a súa solicitude ante o concello, e na mesma data se dirixe á Comisión da Transparencia.

O informe indica que se trata dun procedemento de ruína que se rexe polas disposicións xerais do procedemento administrativo común. En relación ao exercicio do dereito de acceso neste expediente como fillo da copropietaria este dereito non foi exercido, polo que en ningún momento se denegou o dereito de acceso no expediente. O concello non emitiu orde de demolición porque a copropietaria solicitou voluntariamente unha licenza de demolición, executada de forma voluntaria. Existiu orde de adecuación da parcela resultante da demolición, que tivo que ser reiterada. A solicitude presentada ante a Comisión da Transparencia, idéntica as seis peticións dirixidas ao concello foron *“contestadas expresamente no apartado 1 do decreto do 23/06/2016 do director de Rexeneración Urbana e Vivenda”*

*“A demolición do inmovible, consonte o apartado F do punto primeiro do acordo de concesión da licenza de demolición adoptado no expediente 621/2014/1966, tiña que efectuarse baixo a dirección dun arquitecto técnico ou aparellador; que é a quen lle corresponde certificar o final da obra. Así mesmo, en virtude do establecido no artigo 2.2 da Lei 38/1999, do 5 de novembro, de ordenación da edificación, en conexión co sinalado no artigo 2 do Real decreto 1000/2010, do 5 de agosto, sobre visado colexial obrigatorio, tanto o proxecto de demolición como o certificado final de obra desta deben estar visados polo colexio oficial correspondente. Non consta na base informática municipal que [REDACTED] achegase este certificado final de obra.*

*A maiores do anterior, a demolición que se executou non foi total: segundo o informe técnico emitido o 10/09/2014 no expediente de licenza 621/2014/1966 sobre o proxecto técnico que [REDACTED] presentou coa solicitude de licenza, as obras pretendidas consistirían na demolición manual de un edificio composto de planta baixa y planta alta, con la excepción de parte de las fachadas principal y posterior.*

*O propio arquitecto municipal así o reflicte no seu informe do 29/10/2015:*

*En esta inspección se comprueba que aparentemente se han finalizado los trabajos de demolición del inmueble referencia, apreciándose que se ha dejado sin demoler partes desiguales de la fachada principal y de cierre lateral izquierdo, encontrándose pintados exteriormente, así como la medianera vista con el inmueble colindante N° 30 de la misma vía. [...]; así como no seu informe do 18/05/2016: [...] En esta inspección se comprueba que el solar resultado de la demolición del inmueble N° 29 de la calle Camino del Pinar se encuentra en la misma situación aparente descrita en anterior informe técnico de fecha 29.10.2015.*

*Consonte a todo o indicado, resulta evidente que o feito de non demoler as referidas partes do inmable non obedeceu á indicación ningunha dos técnicos de Ruínas, como afirma ██████████. Tal como se sinalou, esta administración limitouse a conceder unha licenza de demolición autorizando o proxecto técnico que para este obxecto presentou ██████████; sendo neste proxecto no que esta manifestaba a súa vontade de non demoler unha parte das fachadas principal e posterior. Disto dedúcese que a pretensión manifestada na solicitude de licenza non era unha demolición total.*

*Dos dous puntos anteriores dedúcese que esta administración non pode informar nin emitir certificado ningún sobre a demolición total do inmable, tal como pretende ██████████ nos seus seis escritos, sinxelamente porque tal demolición total nin se solicitou na licenza de obras nin se executou.*

*A pesar de canto antecede, coa maior brevidade que sexa posible volverase a enviar por segunda ocasión a ██████████ unha copia dos informes emitidos polo arquitecto municipal ██████████ o 29/10/2015 e o 18/05/2016, así como do emitido polo mesmo técnico o 31/10/2016, en contestación ás solicitudes daquel do 06/07/2016, o 08/10/2016 e o 05/07/2017 (sendo esta última a que aquel xunta co escrito que dirixe o 07/07/2017 á Comisión da Transparencia de Galicia) así como en contestación ás solicitudes presentadas pola mesma persoa o 30/07/2016, o 05/08/2016, o 12/08/2016 e o 27/09/2016"*

**Quinto.** Con data de 29 de setembro de 2017, requírese ao concello que ampliase o seu informe de agosto no sentido de completar na información indicando os "Documentos que avalen que o solicitante presentou en nome propio ou no da súa nai unha solicitude de acceso á información pública nos termos previstos na lexislación básica da transparencia e o artigo 26 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro." E que procedese a realizar "Informe de se ao tratarse dunha petición incluída nunha licenza de obra existe algunha normativa reguladora específica de acceso á información, indicándose a norma e indicando expresamente se os artigos nos que se recolle o acceso á información que deban aplicarse a aqueles que teñan a condición de interesados nun procedemento administrativo en curso para acceder aos documentos que se integren no mesmo, de ser este o caso deberá igualmente indicalo no seu informe."

**Sexto.** Con data 17 de outubro de 2017 o concello indica que:

Nos escritos no concello o Sr. ██████ non fai referencia a que a súa motivación sexa a contida nin na lexislación básica de transparencia nin no artigo 26 da devandita lei autonómica. A solicitude do Sr. ██████ constitúe unha mera reiteración de solicitudes anteriores relativas á citada petición dun informe ou certificación do órgano competente sobre a demolición total do inmoble do nº 29 do Camiño do Pinar, solicitudes que xa foron contestadas coa notificación do decreto ditado o 23/06/2016, do que consta a recepción polo agora reclamante.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

### Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

A lexislación aplicable a este procedemento ven configurada pola citada Lei 19/2013, do 9 de decembro, e pola Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, xunto coa lexislación básica en materia de procedemento administrativo.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública poderá interpoñerse unha reclamación perante o Valedor do Pobo; e o artigo 33 da mesma lei indica que corresponde á Comisión da Transparencia (órgano colexiado) a resolución das reclamacións fronte ás resolucións de acceso á información pública que establece o seu artigo 28.

A disposición adicional quinta da lei establece que resolver esas reclamacións corresponderá, no suposto de resolucións ditadas polas entidades locais de Galicia, ao Valedor do Pobo, ao que se adscribe a Comisión da Transparencia, que por tanto é a competente.

### Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro preceptúa que o procedemento se axustará ao previsto nos números 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro. Esta Lei 19/2013, do 9 de decembro, sinala que estamos ante unha reclamación con carácter potestativo e previa á impugnación en vía contencioso-administrativa e que se axustará na

súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

### **Terceiro. Dereito de acceso á información pública**

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, recoñece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida como *“os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións”*.

O artigo 12 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, configura o dereito de acceso á información pública de forma ampla, sendo titulares do mesmo todas as persoas. A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, sinala que o solicitante non está obrigada a motivar a súa solicitude de acceso á información (artigo 26.4).

### **Cuarto. Análise do expediente**

Analizaremos en primeiro termo se o reclamante é competente para formular un recurso potestativo ante a Comisión da Transparencia. O reclamante en todo momento di que está a representar a súa nai, pero nin en vía administrativa nin en vía de recurso xustifica tal representación. O dereito de acceso á información, en todo caso, permite a solicitude de documentos en poder da administración que fosen adquiridos ou elaborados no exercicio das súas funcións, polo tanto o feito de que non se achegara o consentimento da persoa que se di representar solo significaría que o fixo en nome propio. Unha vez dito isto, entrando sobre o fondo do asunto analizaremos se o documento solicitado é ou non exercicio do dereito de acceso.

A petición realizada no Concello da Coruña consiste nun *“informe ou certificación do órgano competente sobre a demolición total do inmovible para poder modificar o catastro para recoñecelo como solar,, solicitar a modificación do IBI, e a devolución do depósito de 600 euros de EMALCSA”*

Da documentación achegada polo Concello detéctase que tal certificado non existe, senón que se suscita nun expediente de outorgamento de licenza de demolición de vivenda concedida o 9 de xaneiro de 2015, no que se suscitan unhas ordes de adecuación da parcela resultante da demolición.

Durante esta tramitación o reclamante fai esa solicitude de emisión de informe ou certificado. Esa solicitude da lugar a que o 23 de xuño de 2016, o director de Rexeneración Urbana e Vivenda ditase un decreto no cal se resolveu declarar a inadmisión dos dous recursos de reposición presentados polo agora reclamante e de reiterar as ordes contidas no acordo de

concesión da licenza de demolición respecto á adecuación da parcela resultante desta, e “ *Dar novamente traslado a [REDACTED], en su condición de representante de [REDACTED], de los informes del arquitecto municipal [REDACTED] de fechas 10/10/2008, 29/06/2009, 30/01/2012, 26/12/2012, 04/04/2013; de la arquitecta técnica [REDACTED] de 29/05/2012; y del inspector [REDACTED] de 21/12/2007 y 13/02/2009, emitidos en relación al inmueble sito en calle Camino del Pinar, número 29, de A Coruña (informes de todos los cuales ya se remitió copia a aquel por oficio de 23/06/2015, notificado el 06/07/2015), en contestación a la solicitud de aquel presentada el 04/07/2015 y reiterada el 11/07/2015, el 16/05/2016 y el 13/06/2016; así como de los informes del citado arquitecto de fechas 29/10/2015 y 18/05/2016, en contestación a la solicitud de aquel presentada el 06/05/2016 y reiterada el 12/05/2016 y el 08/06/2016”*

O que se solicita non son por tanto contidos ou documentos, en calquera formato ou soporte, que consten en poder dalgún titular incluído no ámbito de aplicación da lexislación da transparencia que tivesen sido elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, senón que se trata dun documento que debería terse elaborado a partir dos contidos que a administración ten no expediente de demolición. Pero o que se solicita é o documento en si, e en todo caso, co contido e datos que obran no expediente xa se lle indicou ao interesado en varias ocasións que era imposible “*sinxelamente porque tal demolición total nin se solicitou na licenza de obras nin se executou*”.

Non consta no concello a solicitude do exercicio dun dereito de acceso á información. Existe un procedemento de demolición de inmovible no que se solicita un certificado que non coincide coa licenza solicitada e executada. O agora reclamante non citou durante o procedemento de demolición a lexislación da transparencia, e nin sequera solicitou ao concello, como representante da copropietaria do inmovible, o acceso ao expediente.

**Quinto.-** Por tanto a solicitude non é o exercicio dun dereito de acceso á información, tanto porque non houbo unha solicitude de acceso á información, como polo feito de que o que se solicitaba non é un documento ou contido en poder do concello elaborado ou adquirido no exercicio das súas funcións, senón que se pretende unha certificación que xa lle foi notificada que era inadmisíbel emitila sen que o interesado interpuxera un recurso e que polo tanto devino firme.

En conclusión, a Comisión da Transparencia

## **ACORDA**

En atención aos anteriores antecedentes, fundamentos xurídicos, procede



**Primeiro:** Inadmitir por falta de competencia a reclamación presentada por [REDACTED] en nome e representación de [REDACTED] con data 14 de xullo de 2017, contra a denegación do Concello da Coruña, por non tratarse do exercicio dun dereito de acceso á información pública nos termos recollidos nos fundamentos cuarto e quinto.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, de conformidade co previsto no artigo 8.3 a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 20 de decembro de 2017

A presidenta da Comisión da Transparencia

Milagros Otero Parga